



MODELO III

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DE SOFTWARE DE XESTIÓN PARA LABORATORIOS
(LIMS)

EXPEDIENTE N.º: 2009/4012

CENTRO: EDIFICIO DE SERVICIOS CENTRAIS DE INVESTIGACIÓN

DEPARTAMENTO / SERVIZO: SERVICIOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN (SAI)

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

A. Aplicación informática para a automatización dos procesos de xestión e dos fluxos de traballo de todas as unidades analíticas que conforman os Servizos de Apoio á Investigación (SAI), incluíndo dirección, departamento de calidade e secretaría técnica. A aplicación debe cubrir como mínimo os seguintes aspectos:

1. Xestión de mostras
 - a. Rexistro e trazabilidade de mostras.
 - b. Posibilidade de conexión/integración e captura de datos desde un Sistema de Información existente na actualidade nos SAI. Esta aplicación Web-based denominada NEOSAI foi desenvolvida empregando o framework Ruby on Rails, con bases de datos en MySQL.
 - c. Codificación libre das mostras, definible polo usuario. Seguimento automatizado de mostras mediante código de barras.
 - d. Acceso online de clientes dos laboratorios aos resultados e estado de análises.
2. Xestión de quendas de traballo (proxectos), analistas e equipos (conexión/integración con NEOSAI)
 - a. Fluxos de traballo. Xestión total de proxectos o longo de todo o seu ciclo de vida analítico, controlando en calquera momento o estado da entidade, as súas características, a súa localización, cadea de custodia, trazabilidade e resultados asociados.
 - b. Representación gráfica do estado da mostra con visionado en tempo real e desde calquera parte, do proceso da análise (desde calquera punto do fluxo de traballo) dos datos identificativos da mostra.
 - c. Validación de resultados.
 - d. Control de stocks (conexión/integración con NEOSAI), mantemento de equipos (conexión/integración con NEOSAI), e xestión de clientes/usuarios (conexión/integración con NEOSAI), compras, contabilidade dos SAI e emisión de ordes de facturación.
3. Soporte para cálculos analíticos definibles polo usuario, comprobación automática de límites de calidade ou normalidade. Contraste de resultados con especificacións predefinidas.



4. Xeración de informes. Realización de procuras e consultas de información, en formato exportable a aplicacións ofimáticas convencionais. Realización de estatísticas a medida.
5. Integración mono ou bidireccional con equipos analíticos. Entrada manual e automática de resultados, incluíndo a captura destes desde o sistema ou equipo de análise.
6. Xestión da documentación do Sistema de Garantía de Calidade: Procedementos Normalizados de Traballo (PNT). Control e visionado de todas as versións da documentación do Sistema de Calidade.
7. Debe cumprir os requisitos de GALP (Good Automated Laboratory Practice).

B.- Implementación da aplicación.

1. Análise dos fluxos de traballo dos SAI.
2. Formación sobre a aplicación ao persoal dos SAI.

C.- Validación

Una vez finalizado o proceso de implementación, a aplicación debe ser validada polo adxudicatario, entregando o informe correspondente.

D. Seguridade

A aplicación debe garantir a seguridade dos datos e a súa adecuada protección segundo a LOPD.

E.- Documentación

A documentación que acompañe á aplicación (manual de usuario, guías de referencia,...) será entregada, polo menos, en español.

F.- Prazos

O prazo de implementación da aplicación non poderá ser superior a 18 meses que contarán desde a data da adxudicación.

A aplicación debe ter polo menos un ano de garantía.

VALOR ESTIMADO (sen IVE): 112.068,97 €

IMPORTE IVE (16%): 17.931,03 €

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (con IVE): 130.000,00 €

A Coruña, 21 de outubro de 2009

Asdo.: Jaime Rodríguez González

A Vicexerente
P.O. (Resolución 16-16-2009)

Mª Jesús Greña Barreiro